



## Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
<b>Asignatura (*)</b>	Linguas e Tecnoloxías	<b>Código</b>	613G02045		
<b>Titulación</b>	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>	
Grao	1º cuadrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
<b>Idioma</b>	Castelán				
<b>Modalidade docente</b>	Presencial				
<b>Prerrequisitos</b>					
<b>Departamento</b>	Letras				
<b>Coordinación</b>	Alonso Ramos, Margarita	<b>Correo electrónico</b>	margarita.alonso@udc.es		
<b>Profesorado</b>	Alonso Ramos, Margarita	<b>Correo electrónico</b>	margarita.alonso@udc.es		
<b>Web</b>					
<b>Descrición xeral</b>	Estudo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento na que a información e a comunicación constitúen un papel fundamental.				



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Sesión maxistral</p> <p>Prácticas a través de TIC (computa na avaliación)</p> <p>Traballos tutelados (computa na avaliación)</p> <p>Obradoiro (computa na avaliación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>A sesión maxistral, o obradoiro e a supervisión dos traballos tutelados realizarase en TEAMS</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados e das prácticas.</p> <p>Moodle: Semanalmente. Subírase material de apoio así como as actividades vinculadas a cada tema. Tamén utilizaranse os foros de actividades para apoiar os traballos tutelados.</p> <p>Teams: 1 sesión semanal para o avance dos contidos teóricos na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Así mesmo poderase programar sesións para titorías personalizadas.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Proba mixta (non se realizará, xa que a avaliación destes coñecementos se incorpora a metodoloxía dos ?Traballos tutelados?)</p> <p>Traballos tutelados: 85%</p> <p>Prácticas a través das TIC: 7,5%</p> <p>Obradoiro: 7,5%</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás as referencias ao cómputo da asistencia que só se realizará ata no momento que se suspenda a actividade presencial.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.



B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Comprender o concepto de tecnoloxía lingüística	A1 A3 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9
Comprender o papel das tecnoloxías lingüísticas na sociedade actual	A1 A3 A11	B1 B2 B3 B5	C6 C7
Familiarizarse con diferentes ferramentas e recursos lingüísticos	A1 A11 A15	B2 B3 B5 B6 B7 B9	C3 C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Lingua e Sociedade do coñecemento	1.1. Panorámica das liñas de investigación 1.2. Concepto de tecnoloxía lingüística 1.3. Concepto de Procesamiento de lingua natural (PLN)
2. Lingüística de corpus	2.1. Concepto de corpus 2.2. Diseño, etiquetado e explotación de corpus
3. Dicionarios electrónicos	3.1. Concepto de dicionario electrónico 3.2. Diseño e explotación dun dicionario electrónico
4. Tecnoloxías da fala	4.1. Recoñecemento e Síntese de voz 4.2. Corpus orais 4.3. Sistemas de diálogo



5. Tecnoloxías do texto	<p>5.1. Ferramentas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lematizadores e etiquetadores morfolóxicos</li> <li>- Analizadores sintácticos</li> </ul> <p>5.2. Aplicacións</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Axuda á redacción</li> <li>- Tradución automática</li> <li>- Aprendizaxe de linguas asistido por ordenador</li> </ul>
-------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A11 B1 B5 C6	15	11	26
Obradoiro	A11 B1 B2 B3 B6 B7 C3	9	6	15
Prácticas a través de TIC	A11 A15 B1 B2 B9 C4 C5	5	15	20
Proba mixta	A3 A14 B1 B3 B6 B7	1.5	20	21.5
Traballos tutelados	A14 B1 B2 C7 C8	6	20	26
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentaranse os contidos teóricos facendo uso de transparencias no Power Point, así como de distintas interfaces na web. Potenciarase en todo momento a discusión e o debate.
Obradoiro	O complemento das sesións teóricas. Os estudantes desenvolverán prácticas tanto individuais como por grupos. Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.
Prácticas a través de TIC	O estudantado practicará diferentes sistemas de Tradución automática e de correctores en liña, ademais de consultar diferentes corpus e dicionarios electrónicos dispoñíbeis na web.
Proba mixta	Proba que integra preguntas abertas de desenvolvemento e preguntas obxectivas de resposta múltiple.
Traballos tutelados	O alumnado deberá desenvolver as actividades avaliadas propostas. Nos traballos dirixidos é onde o/a estudante pon en práctica os coñecementos adquiridos no curso. Trátase de executar a idea de aprender facendo ou realizar para comprender.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Obradoiro Prácticas a través de TIC	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais dos distintos traballos. Tutorías de libre disposición.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A14 B1 B2 C7 C8	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliábeis propostas. Nos traballos dirixidos é onde o estudante pon en práctica os coñecementos adquiridos no curso. Os traballos irán entregándose ó longo do curso nas datas que se sinalarán.	70
Obradoiro	A11 B1 B2 B3 B6 B7 C3	Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas, co fin de asentir os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.	7.5
Prácticas a través de TIC	A11 A15 B1 B2 B9 C4 C5	O estudante practicará diferentes sistemas de Tradución automática e de correctores en liña, ademais de consultar diferentes corpus e dicionarios electrónicos dispoñibles na web.	7.5
Proba mixta	A3 A14 B1 B3 B6 B7	Proba que integra preguntas abertas de desenvolvemento e preguntas obxectivas de resposta múltiple.	15

### Observacións avaliación

Lea atentamente a información que segue.

1. O plaxio total ou parcial pode conlevar o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra.

2. A CUALIFICACIÓN FINAL responderá ao seguinte reparto porcentual:

2.1) Un 70% obterase polos traballos tutelados que se irán entregando ao longo do curso nas datas que se fixarán na aula.

2.2) Un 15% obterase da realización das actividades e prácticas (individuais ou grupais), que se realizarán na aula ao longo do curso. Observaranse o aproveitamento e a evolución individual do alumno, mais tamén a súa dinámica na aula, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa.

2.3) Un 15% responderá a PROBA MIXTA que os estudantes realizarán ao remataren a materia e na data, hora e lugar establecidos nos horarios oficiais de exames do centro.

Moi importante: Este reparto porcentual só é válido para as persoas que asisten con regularidade e participan nos obradoiros e nas prácticas. As persoas que teñan dispensa académica ou que xustifiquen a falta de asistencia recibirán un 30% da súa nota final pola PROBA MIXTA e un 70% pola realización dos traballos tutelados.

3. CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO. De suspender a materia en xaneiro por non acadar 5 puntos, o alumno deberá realizar as actividades substitutivas que se lle encomenden para a 2ª oportunidade, así como a proba mixta final de xullo. Os

profesores farán público en xuño qué actividades fará cada alumno, así como

unha serie de instrucións: o prazo de entrega remata coa celebración da proba

mixta de xullo (2ª oportunidade). A porcentaxe da proba final na 2ª oportunidade será de 30% e a dos traballos un 70%. As mesmas actividades

substitutivas realizaranse tamén no caso da convocatoria adiantada de decembro para alumnado de finalización de estudos.

Cualificación de NP. Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas (xaneiro ou xullo) e que, ademais, (b) entreguen unha porcentaxe igual ou inferior ao 50% das actividades avaliábeis.

### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<p><b>BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA</b></p> <p>Allen, J. (1995), Natural Language Understanding, J. Benjamins.</p> <p>Butler, C. S. (ed.) (1992), Computers and Written Texts, Applied Language Studies, Blackwell: Oxford.</p> <p>Cal, M. et al. (eds.) (2005), Nuevas tecnologías en Lingüística, Traducción y Enseñanza de lenguas, Universidad de Santiago de Compostela: Santiago de Compostela.</p> <p>Gómez Guinovart, J. (1999), La escritura asistida por ordenador, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, Vigo</p> <p>Gómez Guinovart, J. (2000), ¿Lingüística computacional? en F. Ramallo et al. (eds.), Manual de Ciencias da linguaxe, Edicions Xerais, Vigo, p. 221-268</p> <p>Grishman, R. (1991), Introducción a la lingüística computacional, Visor: Madrid.</p> <p>Higuera García, M. (2004), ¿Internet en la enseñanza de español?, en J. Sánchez Lobato e I. Santos Gargallo (eds.), Vademecum para la formación de profesores. Enseñar español como segunda lengua (L2)/ lengua extranjera (LE), Madrid: Sgel, p. 1061-1085</p> <p>Hutchins, W. J. e H. L. Somers (1995), Introducción a la traducción automática Visor: Madrid</p> <p>Lavid, J. (2005), Lenguaje y Nuevas Tecnologías, Cátedra: Madrid.</p> <p>Mateus, M.H. e A. Horta (orgs.) (1995), Engenharia da linguagem, Colibri: Lisboa.</p> <p>Martí Antonín, M. A. (coord.) (2003), Tecnologías del lenguaje, Edicions de l'Universitat Oberta de Catalunya, Barcelona.</p> <p>McEnery, T. y Wilson, A. (1996): Corpus Linguistics, Edimburgo: Edinburgh University Press. Suplemento web: <a href="http://www.ling.lancs.ac.uk/monkey/ihe/linguistics/contents.htm">http://www.ling.lancs.ac.uk/monkey/ihe/linguistics/contents.htm</a></p> <p>Mitkov, R. (ed.), (2003), The Oxford Handbook of Computational Linguistics, Oxford University Press.</p> <p>Moreno Sandoval, A. (1998), Lingüística computacional, Madrid: Síntesis.</p> <p>Moure, T. e J. Listerri (1996), ¿Lenguaje y nuevas tecnologías: el campo de la lingüística computacional?, en M. Fernández Pérez (coord.), Avances en Lingüística aplicada, Santiago: Universidad de Santiago de Compostela, p. 147-227.</p> <p>Peña Cervel, S. (2010), ¿Herramientas para la investigación lingüística?, en R. Mairal et al., Teoría lingüística. Métodos, herramientas y paradigmas, Madrid: Editorial universitaria Ramón Areces, UNED, p. 51-107</p> <p>Rodrigues, J. H. (2000), Introdução à Linguística como Corpora, Artabria Fundação/ Edições Laiovento.</p> <p>Vidal Villalba, J. e J. Busquets Rigat (1996), ¿Lingüística computacional? en C. Martín Vide (ed.), Elementos de Lingüística, Octaedro: Barcelona, p. 393-446.</p> <p><b>FERRAMENTAS DE SOFTWARE</b></p> <p>Sistemas de Traducción automática e Correctores de libre acceso na web</p> <p>Interfaces a corpus en diferentes linguas (CREA, Corpus del español, CORGA, TILGA, Intellitext)</p> <p>Diccionarios en liña en diferentes linguas</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías